

Acta da Comisión Delegada

16 de marzo de 2020

Lugar: Reunión por medios telemáticos

Hora: 20:00 horas

Orde do día:

1. Situación COVID-19 e medidas federativas
2. Modificación da Asemblea Xeral.
3. Cancelación e situación actual das probas. Reestruturación de calendarios e campionatos.
4. Rogos e preguntas.

Asistentes:

Presidente-Gonzalo Mario Triunfo Delgado

Secretaria Xeral- Mónica Flores Ferreiro

Triatlón Ferrol (José Antonio Formoso)

Triatlón Santiago (Asiste con delegación do presidente José Ramón González)

Patricio Cruz Farías

Enrique Hernández (T. Rias Baixas)

Amando Guerrero (AD Náutico de Narón)

José Riveiro (Artrogal Tri-498)

Desenvolvemento da sesión e Acordos Adoptados

Comeza a sesión ás 20:05 h.

1.- Situación COVID-19. Medidas Federativas

O presidente expón a situación na que nos atopamos e as medidas de urxencia que se foron tomando nos últimos días. Anticipándonos ao estado de alarma e unha vez reunido coa Secretaría Xeral para o Deporte e o resto de Federacións, inicialmente xa se acordou un paro de 15 días na competición vendo o que viña enriba, a nosa decisión falado cos organizadores foi suspender o mes de marzo. Posteriormente a Secretaría Xeral para o Deporte cancelou o programa XOGADE na súa totalidade e co estado decretado toca manter a suspensión ata que se levante o mesmo.

Indica que a situación á que nos enfrentamos é cambiante e o máis importante é manter reunións periódicas para ir tomando decisións segundo a evolución, garantir a seguridade de todos e manter unha información continua ao federado e entidades.

Informa tamén de que a Secretaría Xeral para o Deporte habilitou unha canle, un correo que xa foi enviado a todos os estamentos federativos, como medio de comunicación de incidencias. Así mesmo a Secretaría Xeral para o Deporte solicitou e manterá unha reunión co CSD para ver todas as incidencias xurdidas e que poidan xurdir en relación a seguros deportivos e outros da que nos irá informando.

2.- Aprazamento da Asemblea Xeral

Infórmase que se adiou a Asemblea Xeral, calendarizada previamente para o próximo 25 de, trasladándoa ao 22 de abril, sempre e cando por suposto a situación mellore xa que de non ser así veríamonos na obriga de volver retrasar a mesma. No que todos os presentes están de acordo.

3.- Cancelación e situación actual de probas. Reestruturación de calendarios e campionatos.

Exposta nos puntos anteriores a situación federativa, o Presidente explica que de momento temos afectado sobre todo o Dúatlon. Indica que isto nos podería levar á reestruturar o Campionato Galego a proba única sen clasificación en Outubro. No caso de facelo o 2 de maio, outra opción sería manter as clasificatorias realizadas no caso de que Lugo se puidese levar adiante aínda que a situación é incerta e moi posiblemente a finais de abril non se poidan disputar aínda probas.

Mónica informa de que falou cos distintos organizadores con probas canceladas, todos queren recalendarizar se é posible as probas debido aos compromisos que teñen coas diversas administracións que poden afectar ao desenvolvemento da actividades dos seus clubs. A proposta é levar o Dúatlon ao final da tempada, último fin de semana de setembro e os meses de outubro e novembro de ser preciso.

O problema neses meses do ano é a luz, e casar as circunstancias locais de cada un respecto aos permisos. Cada proba de circuito precisaría entorno a 4 horas e media e 4 para o Galego.

Valoradas e expostas distintas propostas, e dada a situación cambiante acórdase o seguinte:

- Nada e Corre.- Acórdase levar o Campionato Galego de Nada e Corre ao mes de novembro-diciembre, de acordo co organizador e modificar a normativa, para que os nenos e nenas poidan ter algunha proba antes do galego engadindo outras dúas probas clasificatorias, unha norte e outra sur. Clasificaríanse 3 deportistas por cada categoría e sexo en cada unha destas, o que engadiría unha serie por categoría á Final Galega.
-
- Dúatlon Escolar.- Na medida en que o XOGADE cancela integramente o programa, tendo en conta que a partir das fases provinciais era a Federación Galega quen organizaba e promovía o campionato galego e de cara a darlles un título da tempada aos nenos e nenas, acórdase facer un campionato galego de menores, aberto para todas as categorías, tal e como se facía coa cadete. Todos os nenos e nenas terían que estar polo tanto federadas. Polo momento e de acordo co organizador manteríase o xa calendarizado o 16 de maio, se é posible celebralo con estas características e segundo a evolución da situación externa.
- Dúatlon de Estrada.- Acórdase recalendarizar, todo o que non se poida celebrar agora, aos meses de setembro, outubro e novembro, unha vez rematado o triatlón, respectando os calendarios nacionais e coordinadamente cos organizadores e dando prioridade ao Cpto Galego de Equipos que xa estaba lanzado. En función da evolución ver a posibilidade de modificar a normativa do Campionato Galego e circuitos dando a estes últimos algún tipo de incentivo.
- Convocar unha nova xuntanza da Comisión Delegada entre o 15-17 de abril para tomar decisións respecto á competición dos últimos fins de semana de abril, en función do avance e posibilidades ver as propostas a levar á Asemblea Xeral do 22 de abril de reestruturación de normativas incluída na orde do día.

Non habendo rogos e preguntas levántase a sesión ás 20:55 h.

VºBº

**FEGATRIIS**
FEDERACIÓN GALEGA DE TRIATLÓN
E PENTATLÓN MODERNO
Rúa Castelao 21, ent. 2
27001 Lugo | 982 251 345
N.I.F.: V36703932

Asdo.- A Secretaria Xeral
Mónica Flores Ferreiro

Asdo.- O presidente
Gonzalo Triunfo Delgado.